

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5761 *Real decreto 390/2011, do 18 de marzo, polo que se modifican os estatutos da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda e do Instituto de Crédito Oficial, aprobados, respectivamente, polo Real decreto 1114/1999, do 25 de xuño, e polo Real decreto 706/1999, do 30 de abril, e polo que se autoriza a extinción da Fundación Real Casa da Moeda.*

O Acordo do Consello de Ministros do 30 de abril de 2010, de racionalización do sector público empresarial, establece o desenvolvemento de políticas que favorezan a redución, racionalización e saneamento do sector público empresarial como un dos mecanismos necesarios para dar cumprimento aos obxectivos fixados polo Consello de Ministros do 29 de xaneiro de 2010, polo que se aprobou o «Plan de acción inmediata 2010» e o «Plan de austeridade da Administración xeral do Estado 2011-2013».

O citado acordo acomete unha profunda reestruturación do sector público empresarial co fin de aumentar a súa eficiencia e eficacia e reducir o gasto público que comporta, e establece, no punto sétimo, que os ministerios de que dependan as entidades públicas empresariais adoptarán as medidas oportunas para reducir, antes do 31 de xullo de 2010, o número de conselleiros destas entidades en, polo menos, un 15 por 100.

O obxecto deste real decreto é, por tanto, proceder ás modificacións necesarias nos estatutos das entidades públicas empresariais adscritas ao Ministerio de Economía e Facenda co fin de dar cumprimento ao mandato establecido no punto sétimo do acordo do Consello de Ministros citado.

Para iso, modifícanse os estatutos da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda e do Instituto de Crédito Oficial.

Así mesmo, o Acordo do Consello de Ministros do 30 de abril de 2010 sobre racionalización de estruturas na Administración xeral do Estado, redución de altos cargos e reordenación do sector público empresarial establece: «a racionalización das fundacións do sector público estatal, para suprimir aquelas cuxas funcións poidan ser asumidas pola estrutura administrativa departamental e revisar a participación estatal nas restantes».

En aplicación do citado acordo, este real decreto procede a autorizar a extinción da Fundación estatal Real Casa da Moeda, cuxas funcións serán asumidas directamente pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda. Iso afecta, de modo particular, a Escola de Gravado e Deseño Gráfico que, en virtude deste real decreto, se integra directamente na Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, establecéndose a existencia dun Padroado que, con criterios de continuidade en relación co Padroado da Fundación ata agora existente, reforzará non só a actuación da Escola de Gravado e Deseño Gráfico senón, en xeral, as actuacións realizadas pola FNMT-RCM no ámbito cultural e de mecenado.

Finalmente, incorpórase ao real decreto a posibilidade de que, por orde ministerial, se regule a existencia de unidades de negocio da entidade como fórmula que pode permitir unha maior desconcentración administrativa no funcionamento dalgunha das seccións produtivas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda e do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 18 de marzo de 2011,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Estatuto da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, aprobado polo Real decreto 1114/1999, do 25 de xuño, polo que se*

adapta a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, se aproba o seu estatuto e se acorda a súa denominación como Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.

O Estatuto da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, aprobado polo Real decreto 1114/1999, do 25 de xuño, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un novo punto 8 ao artigo 2 coa seguinte redacción:

«8. Está adscrita á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda a Escola de Gravado e Deseño Gráfico.»

Dous. O punto 2 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«2. A constitución de fundacións pola entidade requirirá autorización previa do Consello de Ministros.»

Tres. O punto 1.b) do artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«b) A aprobación por orde das normas polas que se desenvolvan as funcións que desempeñarán as seccións produtivas ou, de ser o caso, unidades de negocio da entidade, así como a creación do Padroado da Real Casa da Moeda.

O Padroado da Real Casa da Moeda terá a natureza de órgano colexiado ministerial sen personalidade xurídica, de acordo co disposto no artigo 38 e seguintes da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e actuará como órgano consultivo e de apoio á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda no desenvolvemento das actuacións realizadas nos ámbitos artístico e cultural, con especial atención á vertente formativa, na cal terá ao seu cargo a aprobación das actuacións da Escola de Gravado e Deseño Gráfico.»

Catro. O punto 10 do artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«10. Aprobar, por proposta do director xeral, os nomeamentos e cesamentos dos membros do Padroado da Real Casa da Moeda. A presidencia do Padroado corresponderalle ao director xeral da entidade.»

Cinco. O parágrafo primeiro do artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«O Consello de Administración da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda estará integrado polo director xeral da entidade, que desempeñará o cargo de presidente, e un mínimo de nove vogais e un máximo de catorce. Formará parte do Consello o secretario, que asistirá ás reunións con voz pero sen voto. Cando asista ás reunións o ministro de Economía e Facenda, recaerá nel a presidencia do Consello.»

Seis. O parágrafo primeiro do punto 3 do artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«3. Así mesmo, poderán ser designados polo Consello, por proposta do presidente, un ou varios asesores, cun máximo de seis, que concorrerán ás reunións do Consello cando sexan convocados, con voz pero sen voto, coa finalidade de prestaren a debida asistencia a este órgano.»

Sete. O artigo 32 queda redactado do seguinte modo:

«O Consello de Administración, ao aprobar, para o seu sometemento ao titular do Ministerio de Economía e Facenda, a proposta de distribución do resultado,

poderá acordar a porcentaxe destinada á constitución de reservas na cantidade que resulte precisa para o adecuado funcionamento da entidade.

Aprobada a dita proposta polo titular do Ministerio de Economía e Facenda, ingresárase o resto no Tesouro, unha vez deducidas as porcentaxes mencionadas no parágrafo anterior.»

Artigo segundo. *Modificación dos estatutos do Instituto de Crédito Oficial, aprobados polo Real decreto 706/1999, do 30 abril, de adaptación do Instituto de Crédito Oficial á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado e de aprobación dos seus estatutos.*

O punto 2 do artigo 6 dos estatutos do Instituto de Crédito Oficial, aprobado polo Real decreto 706/1999, do 30 abril, queda redactado do seguinte modo:

«2. O Consello Xeral estará formado polo presidente da entidade, que o será tamén do Consello, e nove vogais, e estará asistido polo secretario e, de ser o caso, o vicesecretario.»

Disposición adicional única. *Fundación estatal Real Casa da Moeda.*

Autorízase a extinción, con efectos do 1 de xaneiro de 2011, da Fundación estatal Real Casa da Moeda, cuxas funcións serán exercidas pola entidade pública empresarial Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, que asumirá o desenvolvemento dos fins relacionados coa Escola de Gravado e Deseño Gráfico existente na Fundación.

O persoal laboral da Fundación integrárase, de acordo coa natureza e réxime xurídico da súa relación contractual, na Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.

Os convenios e acordos formalizados pola Fundación Real Casa da Moeda, en vigor en 1 de xaneiro de 2011, serán asumidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda ata o seu vencemento. Quedará sen efecto, en 1 de xaneiro de 2011, a encomenda de xestión atribuída á Fundación pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, na condición de medio propio e servizo técnico da entidade fundacional.

Os órganos de goberno e administración da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, así como os da Fundación estarán facultados para adoptar os acordos que sexan necesarios para a consecución da extinción da Fundación e, polo tanto, a súa disolución e liquidación, e as súas competencias e facultades permanecerán en vigor, se for necesario, máis aló do 1 de xaneiro de 2011.

Os órganos de goberno e administración e dirección da Fundación Real Casa da Moeda continuarán desenvolvendo as súas competencias e permanecerán no exercicio das súas funcións ata a constitución do Padroado previsto no artigo 8.1.b) do estatuto da entidade, na redacción dada por este real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO